

Os escritores premian a Fernández Paz, Pilar Pallarés e Riveiro Coello



Miguel Pardo | @depunteirolo

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrou onte a súa Cea das Letras e entregou os seus galardóns, entre os que destacaron os premios a Agustín Fernández Paz, Pilar Pallarés ou Antón Riveiro Coello nas categorías de literatura infantil e xuvenil, poesía e narrativa.

Non foi unha sorpresa que **Fernández Paz, co seu *Fantasmas de luz*, fose un dos galardoados** tras as votacións secretas dos escritores e escritoras e tampouco que ***Laura no deserto*, de Antón Riveiro Coello**, resultase gañadora na categoría de narrativa. **Pilar Pallarés, cunha dilatada e recoñecida traxectoria, volveu triunfar, desta vez co premio ao seu novo libro *Leopardo son***. O galardón á mellor obra dramática recaeu en **Raúl Dans por *Chegamos despois a unha terra gris***.

En canto aos premios honoríficos, os membros da AELG recoñeceron o labor dos **equipos de normalización lingüística dos centros de ensino, así como os servizos dos concellos** por contribuíren á difusión literaria. **José Luís Sampedro** foi galardoado como Escritor Galego Universal e, aínda que non estivo presente por motivos de saúde, si enviou unha emotiva carta na que lembraba as súas orixes galegas ou a súa relación de afecto e admiración por personaxes como Xosé Manuel Beiras, Carlos Taibo ou Manuel Rivas.

Nunha categoría na que ademais dos membros da AELG tamén participan os xornalistas do Colexio Profesional, **Bieito Iglesias foi o premiado pola súa traxectoria de Xornalismo Cultural**. Cunha importante e prolífica carreira en xornais e con premios como o Blanco Torres, Bieito Iglesias é un dos máis importantes articulistas do país.

As crebas de Miro Villar foi escollido como mellor blog literario mentres que

Ramón Gutiérrez Izquierdo foi recoñecido pola súa tradución dos *Sonetos de Shakespeare*. O mellor ensaio foi, segundo os votantes da AELG, ***Vivir, unha aventura irrepetíbel, a biografía de M^a do Carme Kruckenberg***, de Mercedes Queixas Zas.